



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 26 DE MAIO DE 2022

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL
MAGDALENA PEREZ VILLAR
JESUS ROMERO CARRACELAS
ERMITAS GARCIA RIOS
MANUEL MARTINEZ LOPEZ
LUIS RUBIDO RAMONDE
ESTEBAN BLANCO GARROTE
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 20:03 horas do día 26 de maio de 2022, reúnen-se os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020. Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 31.03.2022

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 31.03.2022.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de 31.03.2022 resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. CORRECCIÓN ERRO MATERIAL APROBACIÓN PROVISIONAL ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACION EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS E POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a proposta de Alcaldía de data 18.05.2022, que di:

“Expte 2021/G015/000002

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ANTECEDENTES:

En sesión plenaria de data 21 de novembro de 2021 se adoptou o acordo de aprobación provisional da Ordenanza reguladora da taxa pola participación en actividades deportivas e pola prestación de servizos en instalacións deportivas.

O 10 de decembro de 2021, se publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 234, anuncio polo que se somete o expediente a exposición pública e audiencia aos interesados durante un prazo de 30 días hábiles dentro dos cales os interesados poderían examinar o expediente e presentar as reclamacións e alegacións que estimasen oportunas.

Rematado o prazo de exposición pública sen que se presentasen alegacións, tal e como consta nos informes e certificados incorporados aos expediente, detectouse un erro material na data de entrada en vigor establecida na disposición final da Ordenanza aprobada que establecía o seguinte:

“(…) A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno en sesión realizada o ****, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020 e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Tendo en conta o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, segundo o cal “as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Visto o artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais que establece a obriga da publicación do texto íntegro das ordenanzas fiscais no Boletín Oficial da provincia sen que entren en vigor ata que se teña levado a cabo esta publicación.

Visto o artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a regra xeral de entrada en vigor das ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais no momento da súa publicación definitiva no "Boletín Oficial" da provincia.

Á vista dos anteriores antecedentes e fundamentos de dereito propónse a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Corrixir o erro material do acordo de aprobación provisional da Ordenanza reguladora da taxa pola participación en actividades deportivas e pola prestación de servizos en instalacións deportivas, na súa disposición final, do seguinte xeito:

Onde di:

“(…) A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno en sesión realizada o ****, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020 e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación”

Debe dicir:

“(…) A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada definitivamente polo Pleno en sesión realizada o 26 de maio de 2022, entrará en vigor ao día seguinte da publicación definitiva do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación”

Segundo.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora da taxa pola participación en actividades deportivas e pola prestación de servizos en instalacións deportivas cuxo texto é o seguinte:

TEXTO DA ORDENANZA:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS E POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cedeira establece a taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, a que se refire o artigo 20. 4. O) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida como consecuencia da utilización por persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa clase, das instalacións deportivas de carácter municipal, incluída a utilización do equipamento ou accesorios correspondentes ou a prestación de actividades deportivas organizadas polo Concello ou organismo dependente nas devanditas instalacións deportivas municipais, para as cales se estableceran a devandita contraprestación.

Queda fóra do feito imponible, gravado pola taxa reguladora nesta ordenanza fiscal, a utilización e desfrute das instalacións deportivas municipais para finalidades relativas a competicións deportivas oficiais.

Artigo 3º.- Obriga tributaria

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilice aínda sen obter a preceptiva autorización.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades i entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 4º.- Supostos de non suxeición

Non será de aplicación a taxa regulada na presente Ordenanza nos seguintes supostos:

Con ocasión de actos, cursos, certames, torneos ou festexos organizados por asociacións inscritas no Concello ou calquera outra entidade pública.

Nos partidos, ou competicións deportivas de carácter oficial, en calquera modalidade e categoría, cando a entrada sexa gratuíta.

Actividades organizadas, dentro do horario lectivo, polos centros de ensino oficiais do municipio.

Adestramentos e partidos organizados polos clubs deportivos con sede no municipio.

Artigo 5º.- Base imponible.

A determinación da contía a pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo sete. Nos casos en que así se determine, se aplicará a porcentaxe sinalada sobre unha base fixada en función da recadación obtida.

Artigo 6º.- Exencións, bonificacións e beneficios fiscais

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

Artigo 7º.- Cota tributaria

Primeiro.- A cota tributaria determinarase por aplicación do seguinte Cadro de Tarifas:

1. TARIFAS XERAIS PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

ACTIVIDADES	PRECIO POR HORA	ABONO MENSUAL	ABONO TRIMESTRAL	ABONO TEMPADA*
Ximnasio	1,00€	20,00€	50,00€	100,00€/anuais
Actividades con	2,00 €	5,00 €/día á semana	12,50 €/día á	30,00 €/día á



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

monitor			semana	semana
Actividades de equipo de pista cuberta	10,00 €			
Actividades de equipo de tercio de pista cuberta	4,00 €			
Actividades de piscina de uso libre	1,00€	20,00€	50,00€	100,00€/anuais
BONO FAMILIAR BAÑO LIBRE**		30,00 €	75,00 €	150,00 €/anuais
Sauna	1,50€			
Ximnasio + sauna	2,00€			
Actividades de equipo de campo de fútbol 7	Sen luz 14,00€ Con luz 21,00€			
Actividades de equipo de campo de fútbol 11	Sen luz 22,00€ Con luz 33,00€			
Actividades de equipo de pista de pádel	Sen luz 4,00€ Con luz 6,00€			
BONO COMPLETO***		50,00 €	125,00 €	250,00 €/anuais
Cursos especiais		25,00€		
Torneos individuais		10,00€/inscrición		
Torneos por equipos		50,00€/inscrición		
Aluguer de material	1,00 €/unidade			
Pulseiras acceso	1,00 €/unidade			

*A TEMPADA COMPRENDERÁ O PERÍODO CORRESPONDENTE AO CURSO ESCOLAR

** O BONO FAMILIAR PARA BAÑO LIBRE (O abono familiar estará integrado polos seguintes membros: cónxuxes ou parellas de feito debidamente inscritas e fillos dos anteriores menores de 18 anos.)

*** O BONO COMPLETO ANUAL DA ACCESO A TODAS AS INSTALACIÓNS DE USO LIBRE (XIMNASIO, PISCINA E SAUNA) E DUAS ACTIVIDADES

2. TARIFAS BONIFICADAS PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Táboa 1

ACTIVIDADES	membros de unidades familiares nas que os ingresos per cápita non acaden o 75% do IPREM vixente no momento de efectuar a solicitude.	os maiores de 65 anos ou con discapacidade igual ou superior ao 33%, que contén cuns rendementos económicos brutos per cápita que non superen o 125% do IPREM vixente no momento de efectuar a solicitude.
Ximnasio	0,00€	0,00€
Actividades con monitor	0,00€	0,00€
Actividades de piscina de uso libre	0,00€	0,00€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

BONO FAMILIAR BAÑO LIBRE**	0,00€	0,00€
Sauna	0,00€	0,00€
Ximnasio + sauna	0,00€	0,00€
BONO COMPLETO**	0,00€	0,00€
Cursos especiais	0,00€	0,00€
Aluguer de material	0,00€	0,00€
Pulseiras acceso	0,00€	0,00€

Táboa 2

MEMBROS DE FAMILIAS CON TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA/MEMBROS DE FAMILIAS MONOPARENTAIS/ MEMBROS DE UNIDADES FAMILIARES NAS QUE OS INGRESOS PER CÁPITA NON ACADEN O IPREM				
ACTIVIDADES	PRECIO POR HORA	ABONO MENSUAL	ABONO TRIMESTRAL	ABONO TEMPADA*
Ximnasio	0,50€	10,00€	25,00€	50,00€/anuais
Actividades con monitor	1,00 €	2,5 €/día á semana	6,25 €/día á semana	15,00 €/día á semana
Actividades de piscina de uso libre	0,50€	10,00€	25,00€	50,00€/anuais
BONO FAMILIAR BAÑO LIBRE**		15,00 €	37,50 €	75,00 €/anuais
Sauna	0,75€			
Ximnasio + sauna	1,00€			
BONO COMPLETO***		25,00 €	75,00 €	125,00 €/anuais
Cursos especiais		12,50€		
Aluguer de material	0,50 €/unidade			
Pulseiras acceso	0,50 €/unidade			

*A TEMPADA COMPRENDERÁ O PERÍODO CORRESPONDENTE AO CURSO ESCOLAR

**O BONO FAMILIAR PARA BAÑO LIBRE (O abono familiar estará integrado polos seguintes membros: cónxuxes ou parellas de feito debidamente inscritas e fillos dos anteriores menores de 18 anos.)

*** O BONO COMPLETO ANUAL DA ACCESO A TODAS AS INSTALACIÓNS DE USO LIBRE (XIMNASIO, PISCINA E SAUNA) E DUAS ACTIVIDADES

Quen reúna os requisitos anteriores, deberá solicitar a acreditación que lle dá dereito á redución con antelación a calquera tipo de matriculación ou inscrición nalgunha das actividades obxecto desta ordenanza. Esta acreditación terá validez dentro do ano natural para o que foi solicitada, sen prexuízo de ser renovada anualmente.

A persoa solicitante deberá xustificar o seu dereito mediante a presentación da seguinte documentación:

1. No caso das bonificacións contempladas na táboa 1: DNI do solicitante, última declaración do IRPF e volante de padrón acreditativo dos inscritos na mesma folla padroal que se incorporará ao expediente de oficio polo concello.
2. No caso da bonificación contemplada na táboa 2 deberá acompañar: DNI do solicitante e título de familia numerosa en vigor ou DNI do solicitante e certificado de familia monoparental en vigor emitido pola autoridade competente, ou DNI do solicitante, última



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

declaración do IRPF e volante de padrón acreditativo dos inscritos na mesma folla padroal que se incorporará ao expediente de oficio polo concello.

Non obstante, resérvase o dereito da administración de solicitar a documentación accesoria que considere axeitada e necesaria de cara á acreditación da concorrencia das circunstancias que determinan a aplicación das bonificacións de que se trate, tal e como se contempla no artigo 3.3 deste Texto Regulador.

Artigo 8º.- Xeración da taxa

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestacións dos servizos regulados nesta ordenanza ou se solicita a utilización das instalacións deportivas municipais.

Artigo 9º.- Normas de Xestión

O pago das cotas establecidas no artigo 7º desta Ordenanza realizarase nas propias instalacións deportivas municipais (mediante cobro por TPV, mediante o uso de aplicación informática de xestión de cobros e control de accesos ou calquera outro mecanismo de pagamento que se estableza) ou por ingreso nas contas habilitadas ó efecto nas entidades nas que o Concello de Cedeira teña conta aberta, sempre con carácter previo ó inicio do uso das instalacións ou prestación dos servizos correspondentes:

- a) No momento de entrar ao recinto de que se trate.
- b) No momento de formalizar a inscrición como abonado
- c) Cando se solicite polo usuario o aluguer ou reserva de uso da instalación ou pista de que se trate.

Para o suposto de actividades que teñan un carácter continuado, o ingreso da cota inicial se realizará coa formalización da inscrición ou matrícula e os sucesivos pagamentos dentro dos primeiros 10 días naturais do período que corresponda.

Nestes casos, a renuncia á utilización das instalacións non outorgará dereito ningún de devolución do importe das taxas aboadas, salvo que a renuncia sexa presentada cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes da data do cese da actividade, curso ou utilización.

1. O pagamento da referida taxa efectuarase da seguinte forma:

- Para as actividades, ao inicio da actividade aboaranse a primeira mensuralidade/período e as seguintes mensuralidades/períodos aboaranse ao inicio de cada mes, dentro dos dez primeiros días.

Poderase domiciliar o pagamento das cotas.

- No caso de alugueres/ocupación das instalacións o pagamento realizarase nunha soa vez no momento de formalizar a reserva correspondente, ou no momento previo á entrada da instalación alugada.

O non pagamento das taxas no prazo establecido, sen solicitar e obter o seu aprazamento por causas debidamente xustificadas, dará lugar á baixa na participación nas actividades en que participe a persoa usuaria.

2. A xestión e recadación da taxa encoméndase ao Servizo Municipal de Deportes, supervisada polos servizos económicos do Concello.

3. Segundo o previsto no artigo 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o importe da taxa reguladora na presente Ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación, debendo aboarse



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

previamente antes de presentar a solicitude ou iniciar o aproveitamento. No caso de devolución de recibos, imputarase ao obrigado ao pago o importe dos custos da devolución e de emisión dun novo recibo, sen prexuízo das consecuencias referentes a suspensión da utilización das instalación ou realización de actividades, conforme se estableza no regulamento correspondente.

4. Os escritos recibidos polos condutos distintos do Rexistro Municipal, a que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, que non veñan acompañados do xustificante de ingreso dos dereitos correspondentes, serán admitidos provisionalmente pero non poderá dárseles curso sen que se emende a deficiencia ao fin da cal se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa notificado o devandito requirimento, aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude, previos os trámites oportunos.
5. En todo caso, unha vez iniciado o expediente, a Administración municipal poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo dos dereitos correspondentes e, á vista dos resultados de tal comprobación, practicará a liquidación oportuna, con dedución do, se é o caso, ingresado mediante autoliquidación.
6. Non obstante o indicado nos parágrafos anteriores, poderán establecerse convenios de colaboración con Entidades, Institucións ou Organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais ou os procedementos de liquidación e recadación derivados da realización do feito impoñible da taxa.
7. Con carácter xeral, o importe da taxa non poderá ser devolto máis que no caso de non se levar a cabo a utilización da instalación e sempre por causas non imputables ao suxeito pasivo. Non obstante, poderanse atender solicitudes de devolución da parte proporcional fóra desta norma xenérica nos seguintes casos:
 - a) Cando o interesado proceda, e así estea xustificado no expediente, a realizar o oportuno preaviso de non utilización da instalación dentro do prazo que se estableza na normativa reguladora do uso das instalacións e sempre respectando unha antelación mínima de 5 días hábiles antes da data de cese na actividade, curso ou utilización.
 - b) Nos casos de abonos por uso periódico das instalacións, cando se suspenda por máis de 15 días naturais o dereito de reserva de uso das instalacións dentro do exercicio económico ou período de actividades para a que se adquiriu a condición de subscritor, sempre que non se trate dunha suspensión temporal motivada por causas de forza maior, reparación de avarías, realización de obras e tarefas necesarias de mantemento e circunstancias análogas.

Artigo 10º. Infraccións e sancións tributarias

1. Cando a utilización das instalacións leve aparelado a destrución ou deterioración destas, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación ou, se os danos fosen irreparables, ao abono dunha indemnización en contía global ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Nestes casos, cando a destrución ou deterioración das instalacións sexa inherente ao uso solicitado, o beneficiario estará obrigado ao depósito previo do importe correspondente. En aqueles casos en que tal destrución ou deterioración sexa por consecuencia do mal uso destas, a unidade de patrimonio municipal instruíra expediente independente en orde ao requirimento ao beneficiario dos custos ou indemnizacións a que se fixo referencia no parágrafo anterior. En todo caso, será o suxeito pasivo da taxa o obrigado a facer fronte ante o Concello dos custos ou indemnizacións que procedan, independentemente da súa repercusión, mediante os medios xurídicos que procedan, á persoa ou persoas que ocasionaran a destrución ou a deterioración das instalacións.

2. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que por estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desta última.

Disposición derogatoria

Queda derogada, expresamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas e de prestación de actividades deportivas, publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 162, de data 17 de agosto de 2013

Disposición final

Nos casos non previstos especificamente nesta Ordenanza, rexerán as disposicións previstas na lexislación tributaria aplicable.

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada definitivamente polo Pleno en sesión realizada o 26 de maio de 2022, entrará en vigor ao día seguinte da publicación definitiva do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación”

Terceiro.- O acordo de aprobación definitiva e o texto da ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia para a súa vixencia e impugnación xurisdiccional.

Cuarto.- Comunicar o acordo e o texto da ordenanza municipal ás Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas no prazo de seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba. o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais -ROF-.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e seis (6) abstencións, do PP (4) e do BNG (2), ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. CORRECIÓN DE ERRO MATERIAL NO PUNTO 2 DO PLENO DE 20.04.22



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a Proposta de Alcaldía de data 18.05.2022, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CORRECIÓN DE ERRO MATERIAL NO PUNTO 2 DO PLENO DE 20.04.22

Na sesión extraordinaria do Pleno realizada o día 20 de abril de 2022, adoptouse, no seu punto 2 o acordo de modificación de crédito modalidade crédito extraordinario/ suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2021. MC 10 2022 CE 01 2022 SC 01 2022.

Na redación deste acordo advertiuse un erro de trascrición relativo a especificación en dúas aplicacións orzamentarias. Polo tanto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo na vindeira sesión que realice:

Primeiro.- Modificar o contido do acordo do Pleno da sesión extraordinaria de data 20 de abril de 2022 punto 2, no tocante as seguintes aplicacións orzamentarias, do seguinte xeito:

Onde di:

“PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose: MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	TIPO	DESCRICIÓN
		(en €)		
450 68100	Adm. Xeral de infraestruturas. Inversións en bens patrimoniais Terreo.	18.176,64	CE	Compra terreo en Crónicas
450 68100	Adm. Xeral de infraestruturas. Inversións en bens patrimoniais Terreo.	6.277,44	CE	Compra terreo colidante cemiterio Régoa

Debe dicir:

“PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose: MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	TIPO	DESCRICIÓN
		(en €)		



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

151	60000	Urbanismo. Inversións en terreos.	18.176,64	CE	Compra terreo en Crónicas
459	60000	Outras infraestruturas. Inversións en terreos	6.277,44	CE	Compra terreo colidante cemiterio Régoa

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Intervención.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: É un erro que hai no plantexamento da modificación de crédito que foi detectado polo Interventor e manda, a través do seu informe, modificar as partidas. Soamente iso.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e seis (6) abstencións, do PP (4) e do BNG (2), ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MOCIÓN BUQUE “VILLA DE PITANXO”

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a moción presentada no rexistro do concello polo Grupo municipal do BNG, en data 05.05.2022, que dí:

“EXPOSICION DE MOTIVOS

Nas últimas semanas o Goberno de España comprometeuse publicamente na procurade medios para descender, tras localizalo, ao buque “Villa de Pitaxo”.

Transcurrido un tempo máis que razoábel, e tras a falta de noticias, indicase que non se realizará esta operación, o que xera vergonza e dor pola clara falta de respecto aos 21 falecidos, as súas familias e a toda a xente do mar.

Sumado á falta de humanidade e empatía que xera este feito, hai que sinalar que a escusa de non poder atopar os corpos ou a imposibilidade de acceder ao interior da nave non é obstáculo para acometer o descenso até o barco afundido, e poder obter imaxes da situación e circunstancias nas que se atopa buque.

Ademáis, a Fiscalía indicou a existencia de indicios de homicidio imprudente no afundimento do “Villa de Pitaxo”, cuestión pola cal, e agora máis ca nunca, o visionado do estado do barco arrojaría datos para o bo discorrer da investigación e, consecuentemente, para o esclarecemento da verdade.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Por iso, sometemos o seguinte ACORDO AO PLENO para o seu debate e aprobación, se procede:

INSTAR ao Goberno de España a posta en marcha dunha operación de traballo subacuático que permita localizar o buque “Villa de Pitaxo”, descender ao mesmo e elaborar un traballo fotográfico e audiovisual sobre o estado do mesmo, así como recoñecer a súa contorna e zona exterior do buque para verificar a localización dos corpos dos tripulantes desaparecidos

INSTAR a que se cumpra o compromiso adquirido de baixar ao buque.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Rodríguez Pérez di: Esta moción chegounos ao Bloque, pero realmente o que pretendían os familiares das persoas falecidas era que todos os grupos políticos estivéramos de acordo. Non é unha moción só dun partido político, é unha moción humanitaria. Creo que calquera persoa, e nós que vivimos nun pobo mariñeiro sabemos todas e todos o que é, creo que cando alguén morre no mar queres saber, tes moitas preguntas e máis nun caso coma este. Creo que é o máis normal do mundo, para calquera persoa, que se procuren buscar respostas da forma que sexa. Nos apoiamos, evidentemente, e creo que aquí imos estar todos e todas de acordo, que a esta xente se lles dean todas as respostas posibles. E nada máis, por iso a presentamos.

O Sr. Rubido Ramonde di: Totalmente de acordo. Cremos que non se están tomando os medios necesarios e que non se está tomando en serio. Por tanto, nós imos apoiar a moción.

O Sr. Alcalde di: Pola nosa parte, por suposto que tamén imos apoiar esta moción. Cremos que, como ben dixo María José, é un deber moi grande que ten o Goberno Central coas familias, o investigar todo isto, coa xente do mar, sobre todo coa nosa xente en Galicia. Creo que todos os Concellos e Administración Autonómica temos que respaldar todo isto porque hai que ter un respecto moi grande pola familia e se que hai que abrir unha investigación para saber realmente o que pasou, incluso poder rescatar os seus corpos. Está claro que eu non son enxeñeiro nese tipo de cousas, pero si que haberá estudos determinados que se poidan facer. Se somos capaces de chegar á lúa, como se chegou, e mandar satélites a todos os sitios, somos capaces de baixar a X profundidade. Cremos que é algo que se ten que facer, que se ten que esclarecer o que pasou e, sobre todo, por unha cousa que é moi importante, que non volva a suceder. Desgraciadamente, que a vida desas familias sirva para que outras persoas poidan traballar dignamente no mar e non teñan que sufrir algo tan forte como foi isto.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. MOCIÓN INDULTO XESÚS ANXO LÓPEZ PINTOS

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a moción presentada no rexistro do concello polo Grupo municipal do BNG, en data 05.05.2022, que dí:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE CEDEIRA

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Cedeira e conforme ao previsto no artigo no Regulamento de Organización Municipal, presenta ao Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As centrais sindicais maioritarias da comarca de Ferrol veñen de por en marcha unha campaña social en apoio do ex-secretario comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos, coa convocatoria dunha manifestación para o día 31 de maio e máis unha recollida de sinaturas apoiando a concesión do indulto para Pintos, que foi condenado pola Audiencia Provincial da Coruña a unha pena de 6 meses e un día de prisión e inhabilitación especial do dereito de sufraxio pasivo por ese tempo, pola comisión dun delito de atentado contra axente da autoridade, sentenza que vén de ser confirmada polo Tribunal Supremo.

Os feitos obxecto da condena tiveron lugar o 4 de outubro do ano 2012 formando parte dunha concentración que esa noite se formou diante do Hotel Almirante de Ferrol nunha acción de protesta fronte á política desenvolvida polo Partido Popular, polo lamentable estado da comarca, e pola inexistencia de medidas reais e efectivas do mantemento e a eración de emprego no deteriorado tecido industrial de Ferrolterra. No momento dos feitos atopábanse reunidas arredor dunhas trescentas persoas de todo signo e cor político e sindical (CCOO, UGT, CIG, USTG...), e coa presenza de multitude de delegados sindicais de diversos comités de empresa da comarca. Tratábase dunha acción plural na que as forzas vivas do sindicalismo e o progresismo da comarca estaban a reivindicar menos engaños e máis emprego fronte a unha política nefasta que estaba a arruinar o noso país e o sector naval en particular.

No grupo de persoas estaban colectivos tan variados como o comité de NAVANTIA FERROL, NAVANTIA FENE, ou POLIGAL, dirixentes sindicais, sindicalistas de todo tipo, políticos e xente aos que os unía o dereito de exercer unha protesta polo que consideraban unha errática política antisocial.

Neste contexto, nun momento determinado nesta acción, cando os presentes eran máis de trescentas persoas, produciuse a detención de López Pintos, de forma absolutamente violenta, improcedente e arbitraria, nunha acción policial claramente teledirixida, única e exclusivamente, a deter violentamente a esta persoa pois foi buscado entre a multitude e sen causa lexítima para iso, dado que era o secretario comarcal de Ferrol da CIG.

O dereito fundamental ao libre exercicio da actividade sindical (artigo 28 CE) ten os seus antecedentes históricos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que establece o dereito de toda persoa a fundar sindicatos e sindicarse para a defensa dos seus intereses, así como no Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos, do 16 de decembro de 1966, que tamén establece a liberdade de asociación de orde laboral, sen permitir ao Estado menoscabar o exercicio da liberdade sindical. Tal dereito viuse truncado aquela noite coa arbitraria detención e posterior condena xudicial, a pesar de ser vítima Xesús Anxo López Pintos de malos tratos, o que quedou plasmado nos medios de comunicación.

A figura do indulto defínese legalmente como unha forma de extinción da responsabilidade criminal. A particularidade e a esencia do indulto atópanse en que a extinción da responsabilidade penal se produce como consecuencia dunha decisión do Consello de Ministros.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Mentres que os órganos xudiciais son chamados a impartir xustiza nos termos previstos polo artigo 117 da Constitución, o Goberno débese á defensa dos intereses xerais de conformidade co artigo 97 da mesma norma. E, precisamente para a consecución de tal obxectivo, a propia Constitución puxo á súa disposición a figura do indulto, entendendo que, en ocasións excepcionais, é necesaria a adopción de decisións políticas sobre cuestións previamente abordadas polo poder xudicial.

Para a concesión dun indulto será necesario que concorran en favor do condenado razóns de xustiza, equidade ou utilidade pública. E as tres concorren neste caso concreto. Non se debe esquecer o papel de Xesús Anxo López Pintos naquela concentración, onde defendía intereses, non propios, nin egoístas, senón colectivos ou xerais.

No BNG consideramos que a decisión que debe tomar o Goberno español respecto do indulto que se solicita para Xesús Anxo López Pintos ten que estar lóxicamente motivada e atender a unha perspectiva política e social. E a utilidade pública da súa decisión debe medirse polo efecto que proxecta sobre os intereses colectivos ou xerais e pola transcendencia que presenta a súa adopción para o común dunha sociedade, máis aló das repercusións particulares.

O cumprimento efectivo da pena de prisión xeraría un enorme sufrimento en Xesús Anxo López Pintos e a súa familia, que é francamente innecesario, máxime cando a día de hoxe leva xa tempo en situación de xubilación e os feitos ocorreron hai case dez anos.

É por isto que o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte moción con proposta para o seu debate e aprobación polo Pleno:

- **O concello de Cedeira insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.”**
- **O concello de Cedeira insta ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.””**

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Rodríguez Pérez di: Aquí xúntanse moitos temas. É unha moción do Bloque, obviamente, porque Pintos foi militante e concelleiro aquí nesta Corporación durante moitos anos e, sobre todo, ó que máis se dedicou foi ó seu traballo na vida sindical durante toda a súa vida na CIG. Creo que todos e todas coñecedes o tema. Hoxe saíu na prensa que a Audiencia suspende a condena, pero como sabedes a CIG decide seguir para diante co tema por moitas razóns, entre outras, porque o propio Pintos ten pánico, dixo que se sentía como se tivera unha navalla no pescozo porque calquer día o paran e ten calquer cousa no coche e ten medo a o que lle poida pasar. É unha cuestión de defensa de liberdades democráticas. O dereito ao sindicalismo, a desenvolver a túa vida nese ámbito, pelexando e loitando polo que ti cres que tes que defender. Despois está todo o tema da lei mordaza, que é unha lei que a teñen que retirar porque é antidemocrática. E a parte destes temas, tamén vou polo tema humanitario, estamos falando dunha persoa á que todas e todos coñecemos que ten trato con todos vós dalgunha maneira, é unha persoa que agora mesmo está xubilada, estes feitos xa levan moitos anos dende que foron e non ten obxecto ningún. É unha moción que presentamos o Bloque, pero creo que non se trata de distintos



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

partidos políticos, senón que se trata de que toda a Corporación deberíamos defender a alguén que formou parte da propia Corporación, fronte a algo moi inxusto que vai en contra das liberdades fundamentais, eu creo. Todo o mundo ten dereito a sindicarse e ter a súa vida no mundo sindical.

O Sr. Alcalde di: Neste caso, permítome saltarme a orde, non sei se Manoli, como sobriña de Pintos, quere dicir algo. Sra. Secretaria, creo que estoume saltando o protocolo, pero creo que todos vanmo a permitir.

A Sra. López Rodríguez di: Eu fai menos dunha hora que falei co meu tío. Está en Lugo, vai todos os xoves a Lugo a coidar da neta, por iso el non está aquí. O que dicía María é o que el nos dixo. Chameino porque estou contenta co tema da suspensión da condena porque era ó que lle tiñamos medo, para nós é un alivio. O que me dicía el é que durante ese tempo non podo ter ningún fallo en nada porque eu no mundo sindical estou apoiando, que non estou facendo nada, pero teño a mala sorte de ter calquer tipo de cousa, no coche ou no que sexa. El síntese como el dixo; cunha navalla no pescozo. A suspensión non é a solución, é un alivio, pero non a solución. Eu o que quero dicir, como sobriña de Pintos, meu tío cambiou completamente dende aquela noite que foi detido e maltratado. Eu hai cousas que na vida lle escoitara ata despois dese día. Na moción di que se veu o maltrato nos medios de comunicación, eu como sobriña, vino directamente e, de verdade, que poñía medo, incluso a unha persoa valente como é meu tío. E nada máis, pedirvos que apoiades o seu indulto e grazas pola palabra.

O Sr. Alcalde di: Grazas a ti, Manoli.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai contidos na moción que politicamente non podemos asumir, pero si que estamos de acordo coa finalidade da mesma. Trátase dun veciño co cal teño trato e lévome ben, entendémonos, salvo que temos vidas políticas distintas e, por tanto, os meus mellores desexos para el e por iso imos apoiar a moción.

O Sr. Alcalde di: Grazas Luís. Pola nosa parte, por suposto que imos apoiar esta moción. Estamos totalmente de acordo co que di. Podemos vernos representados en Pintos que tamén traballamos na Administración Pública de cara ós veciños. Despois dunha loita sindical, durante moitos anos, a favor dos dereitos dos traballadores, creo que non merece o trato final que tivo. E como di María José, moitas veces somos críticos co noso e debemos ser valentes e dicilo alto e claro que nosoutros estamos totalmente en contra de que non se levantara a lei mordaza. É algo fundamental que se ten que facer, un deber que ten o Goberno Central, sacala dunha vez. Creouse unha lei que sanciona ó que protesta e non garantiza a seguridade dos demais e iso é totalmente inxusto. As concentracións e o poder do cidadán está en poder ter a palabra na rúa e a policía respectando todo iso, por suposto. As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado teñen que ter o seu deber de garantir a seguridade de todos e de todas, pero non ter a potestade de inverter esa orde constitucional. Parece que volvemos a un estado policial como o de antes, non? Por suposto que nos queremos darlle todo o noso apoio. Alegrámonos moitísimo desa suspensión. Da gusto poder volver a velo polas rúas de Cedeira como está co seu pai todas as semanas e, como dixo Luís, aínda que teñamos pensamentos políticos totalmente diferentes, creo que ao final todos somos veciños e compañeiros e pertencemos á mesma Corporación. Pñoime no seu lugar, no que sufrimos nosoutros mesmos como Concelleiros, moitas veces. Non me quero ver nunha situación con todo o que lle aconteceu na rúa aquel día e todo iso que ten que levar, esa carga familiar tan dura que tivo que ser. Así que, por suposto que imos apoiar esta moción.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Simplemente, no nome de Pintos, queremos darvos as grazas a todas e todos e, en especial, ídesme permitir que llas dea Luís porque forma parte dun partido político que pode ter outros posicionamentos, pero neste caso creo que fan o correcto, precisamente porque é un coñecido. Así que grazas a todos e a todas.

O Sr. Rubido Ramonde di: Grazas a nosa amizade que a temos dende a infancia e, por suposto, en temas de conflito, cede o conflito político e imponse a amizade.

O Sr. Alcalde di: Eu, como Alcalde, encántanme oír estas verbas a ambas partes. Así que tamén pola miña parte, Luís, agradezo eses comentarios a favor de Pintos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 182/2022 DO 13.04.2022 - APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DE “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARIA MEDIADORA”. POS+2022 COMPLEMENTARIO

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 182/2022 do 13 de abril, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DE “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA”. POS+2022 COMPLEMENTARIO

Expte.: 2022/C003/000004

Mediante o acordo plenario de data 03.02.2022 solicitouse a participación no POS+2022 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado "**Melloras do firme e da rede de saneamento na Rúa María Mediadora**".

Con data 30.03.2022 recibíuse un requirimento da Sección de Plans da Deputación Provincial no cal se comunica o informe de supervisión desfavorable emitido polos Servizos técnicos da Deputación relativo ao proxecto técnico enviado.

Con data 13.04.2022 (R.E. 2022/999/742) a redactora D.^a Ana Adelina López López presentou o proxecto técnico corrixido de “Melloras do firme e da rede de saneamento na Rúa María Mediadora”, asinado dixitalmente en abril de 2022, atendendo ao requirimento efectuado pola Deputación Provincial.

Por isto, **RESOLVO:**



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1.- Aprobar o proxecto técnico de “Melloras do firme e da rede de saneamento na Rúa María Mediadora”, asinado dixitalmente en abril de 2022, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2022 COMPLEMENTARIO, en substitución do exemplar enviado anteriormente.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 182/2022 do 13 de abril.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución da Alcaldía núm. 182/2022 do 13 de abril.

7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 183/2022 DO 13.04.2022 - APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DE “RENOVACIÓN DO ALUMADO PÚBLICO NA AV. AREA E AV. CASTELAO”. POS+2022 COMPLEMENTARIO

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 183/2022 do 13 de abril, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DE “RENOVACIÓN DO ALUMADO PÚBLICO NA AV. AREA E AV. CASTELAO”. POS+2022 COMPLEMENTARIO

Expte.: 2022/C003/000005

Mediante o acordo plenario de data 03.02.2022 solicitouse a participación no POS+2022 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado **“Renovación do alumado público na Av. Area e Av. Castelao”**.

Con data 30.03.2022 recibíuse un requirimento da Sección de Plans da Deputación Provincial no cal se comunica o informe de supervisión desfavorable emitido polos Servizos técnicos da Deputación relativo ao proxecto técnico enviado.

Con data 06-04-2022 (R.E. 2022/999/707) o redactor D. Jesús Mallo Puga presentou o proxecto técnico corrixido de “Renovación do alumado público na Av. Area e Av. Castelao”, asinado dixitalmente en abril de 2022, atendendo ao requirimento efectuado pola Deputación Provincial.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Por isto, **RESOLVO:**

1.- Aprobar o proxecto técnico de “Renovación do alumado público na Av. Area e Av. Castela”, asinado dixitalmente en abril de 2022, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2022 COMPLEMENTARIO, en substitución do exemplar enviado anteriormente.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 183/2022 do 13 de abril.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución da Alcaldía núm. 183/2022 do 13 de abril.

8. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 230/2022 DO 04.05.2022 – REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL “POS+2022”

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de maio de 2022, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 230/2022 do 4 de maio, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL “POS+2022”

Mediante o acordo plenario de data 03.02.2022 solicitouse a participación no POS+2022 da Deputación Provincial.

Recentemente o Servizo de Plans da Deputación Provincial comunicou ao Concello que o proxecto técnico incluído no POS+COMPLEMENTARIO 2022 e denominado “CUBRICIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA FLOREAL” foi supervisado polos Servizos técnicos da Deputación Provincial con resultado desfavorable.

Con data 28.04.2022 (R.E. 2022/999/821) o redactor do proxecto “Cubrición do parque infantil da Praza Floreal” presenta un proxecto técnico emendado en base ao requirimento da Deputación Provincial, sendo asinado dixitalmente con data 28.04.2022.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Neste proxecto técnico emendado existe un incremento no presuposto base de licitación, ascendendo a 77.956,09 € (IVE incluído) en lugar do importe inicialmente aprobado polo Pleno da corporación municipal (70.730,88 € IVE incluído).

Como consecuencia destes cambios, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Reformular a solicitude de participación no POS+2022 do seguinte xeito:

<<1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	195.022,57 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	195.022,57 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					0,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN AS	99.963,73 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	99.963,73 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

PONTIGAS					
SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS	78.549,24 €	2.445,79 €	0,00 €	2.445,79 €	80.995,03 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	178.512,97 €	2.445,79 €	0,00 €	2.445,79 €	180.958,76 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00 €

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	195.022,57 €				195.022,57 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVERSIONES	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	178.512,97 €	2.445,79 €	0,00 €	2.445,79 €	180.958,76 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	Achega 2022	195.022,57 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	195.022,57 €
	Achega 2021	178.512,97 €	2.445,79 €	0,00 €	2.445,79 €	180.958,76 €
	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	TOTAL	373.535,54 €	2.445,79 €	0,00 €	2.445,79 €	375.981,33 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
CUBRICIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA FLOREAL	77.956,09 €		
MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO	41.951,62 €		
MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA	67.845,69 €		
RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AV. CASTELAO	84.666,12 €		
TOTAIS	272.419,52 €	0,00 €	272.419,52 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

SEGUNDO.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.

TERCEIRO.- Remitir á Deputación Provincial unha certificación da ratificación plenaria e un novo Anexo I correspondentes á solicitude de inclusión no POS+2022 reformulada segundo o presente acordo.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 230/2022 do 4 de maio.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Rodríguez Pérez di: Parécenme ben todas as obras, menos a da cubrición do parque do Floreal. Entón, ímonos abster por iso.

O Sr. Rubido Ramonde: Nos ímonos abster por coherencia, polo votado anteriormente.

O Sr. Alcalde di: Eu vou a comentar unha cousa que xa comentei no anterior Pleno que foi extraordinario e non estabades, María e Manoli, para que teñades algún dato sobre isto. Recibimos unha nova circular que veu da Deputación, a segunda ou terceira semana de abril, onde nos dicían que para o complementario deste ano viñan 406.000 euros, os cales cobren estas catro actuacións que veñen aquí e aínda sobraría diñeiro. En principio, contábamnos que viñeran as bases porque normalmente este diñeiro ven para investimentos financeiramente sostibles, pero este ano adiantouse na páxina da Deputación que parte do diñeiro tamén se podía destinar, debido a crise pola guerra de Ucraia, a financiar gastos enerxéticos. Dixemos de aquela, que contabamos levalo a este Pleno, pero a verdade é que non saíron aínda aprobadas as bases, co cal non o pudemos levar. Quería dicilo para que quedara claro hoxe.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e seis (6) abstencións, do PP (4) e do BNG (2), ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 230/2022 do 4 de maio.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 159/2022 DO 29.03.2022 - SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2022.

Dáse conta ó Pleno da Resolución de Alcaldía núm.159/2022 de data 29.03.2022, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2022.

No DOG núm. 63 de 16 de marzo de 2012 publicouse o Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O persoal do Departamento de Servizos Sociais elaborou o proxecto anual para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2022 coas necesidades existentes para cada un dos servizos, programas e investimentos que son obxecto de financiamento.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Política Social, ó abeiro da orde expresada, as seguintes axudas para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios:

RETRIBUCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO ÓS SERVIZOS SOCIAIS

4. Dúas Traballadoras Sociais.....	33.630,00 €
5. Técnico de grao medio	0,00 €
6. Técnico de grao superior.....	0,00 €
7. Auxiliar administrativo/a.....	0,00 €

AXUDA NO FOGAR

d) Prestación básica.....	0,00 €
e) SAAD.....	332.904,00 €

PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL.....25.000,00€

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar con continuidade e ao abeiro do disposto no artigo 204 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega , da seguinte maneira:

PERSOAL:.....	135.183,32 €
MANTEMENTO (1).....	30.100,00 €
AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA.....	85.335,32 €
AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA.....	480.027,24 €
XESTIÓN DE PROGRAMAS.....	99.850,00 €

(1)Mantemento de instalacións e equipos correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais comunitarios.

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL por programas e investimento para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1- PERSOAL

- ACHEGA DA C. AUTONOMA.....	33.630,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	135.183,32 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	168.813,32 €

2- MANTEMENTO

- ACHEGA DA C. AUTONOMA.....	0,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	30.100,00 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	30.100,00 €

3- AXUDA NO FOGAR

- ACHEGA DA C. AUTONOMA.....	332.904,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	565.362,56 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	898.266,56 €

4- XESTIÓN DE PROGRAMAS

- ACHEGA DA C. AUTONOMA.....	25.000,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	99.850,00 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	124.850,00 €

CUARTO: Dar conta ao Pleno da presente Resolución.”

O Pleno da corporación queda enterado.

10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
000159/2022	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2022.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000160/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DESEÑO GRÁFICO DE RUTAS TEMATIZADAS E ADAPTACIÓN WEB E REDES SOCIAIS. PROGRAMA CEDEIRA MARIÑEIRA (GALP-199) ANUALIDADE 2022
000161/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE IMPLEMENTACIÓN NA WEB MUNICIPAL E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE RUTAS TEMATIZADAS. PROGRAMA CEDEIRA MARIÑEIRA (GALP-199). ANUALIDADE 2022
000162/2022	PROPOSTA APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2022-21 SU ELECTRICO.GNC
000163/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 6 UDS. ACUMULADORES PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL
000164/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 25231/2021 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
000165/2022	APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS NÚMS. 1 E 2 DA OBRA DE CONSOLIDACIÓN E REPARACIÓN DA CUBERTA DOS ESCOLARES DE SAA E SISALDE
000166/2022	PERMUTA ENTRE OS AXENTES DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE CEDEIRA, DON JOSE MANUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ (NIF. 33.993.301-Z), E DO CONCELLO DE FOZ DON DAVID RODRÍGUEZ CASTRO (NIF. 32.680.118-Q).
000167/2022	ANULACIÓN DO DECRETO NÚM. 107/2022 E APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA"
000168/2022	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NO MEAMENTOS INTERINOS COMO OPERARIO-CONDUCTOR
000169/2022	RECURSO DE APELACIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 25.02.2022, Dª Mª BELÉN LAMAS PARDO
000170/2022	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE DONA DOLORES LOPEZ CARNERO
000171/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE CONSOLIDACIÓN E REPARACIÓN DE CUBERTA NOS ESCOLARES DE SAA E SISALDE
000172/2022	MODELOS AEAT 111 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2022
000173/2022	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
000174/2022	PERSOAMENTO E SOLICITUDE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 304/2021
000175/2022	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000176/2022	CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO DO ALUMNO FABIO SOUSA PIÑÓN
000177/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-22
000178/2022	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE A BAIXA POR IT DE DONA MARÍA DOLORES TABOADA GÓMEZ
000179/2022	DECLARACIÓN DA FUNCIONARIA DONA RAQUEL DUARTE NÚÑEZ EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
000180/2022	DECLARACIÓN DO FUNCIONARIO DON FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOUTRO CORPO OU ESCALA DO PERSOAL DO CONCELLO DE CEDEIRA
000181/2022	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRABALLADOR/RA SOCIAL DO ANO 2021
000182/2022	APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DE MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARIA MEDIADORA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000183/2022	APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DE RENOVACIÓN DO ALUMADO PÚBLICO NA AV. AREA E AV. CASTELAO. POS+2022 COMPLEMENTARIO
000184/2022	SOLICITUDE DE AXUDA PARA O CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN VERÁN 2022 AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 7 DE MARZO DE 2022, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2022 (SI435B)
000185/2022	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 20.04.2022
000186/2022	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 184/2022 DE 13/04/2022 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN VERÁN 2022 AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 7 DE MARZO DE 2022, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2022 (SI435B)
000187/2022	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 304/2021, REALE SEGUROS GENERALES S.A. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000188/2022	DECRETO ANULADO - ERRO NOS ASINANTES
000189/2022	DECRETO ANULADO - ERRO NOS ASINANTES
000190/2022	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC 09 2022 IR 03 2022 INCORPORACIÓN REMANENTE AFECTADO
000191/2022	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO SUBVENCIÓN TR351F 2017 / 24-1
000192/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MARZO DE 2022
000193/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2022
000194/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE PÉRGOLA NA PRAZA DE GALICIA
000195/2022	NOMEAMENTO DE DONA SOFIA MESIA FRAGA COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA OCUPAR O POSTO DE TRABALLADORA SOCIAL CO CÓDIGO DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAÑO 15022TS-01
000196/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE CERRAMENTO DAS PISTAS DE PADEL MUNICIPAIS
000197/2022	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 2 DE MARZO DE 2022 POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE DO ACORDO MARCO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS
000198/2022	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 2 DE MARZO DE 2022 POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE DO ACORDO MARCO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS.
000199/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO EDIFICIO OBXECTO DA AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL
000200/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-23
000201/2022	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE A BAIXA POR IT DE DONA MARÍA ADELA GARCÍA VILLADÓNIGA
000202/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE CREACIÓN DE FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS. PROGRAMA EMPRENDE PESCA (GALP1-182). ANUALIDADE 2022



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000203/2022	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA FUNCIONARIA INTERINA DONA MARÍA ÁNGELA FORTUNA LÓPEZ
000204/2022	DESIGNACIÓN E ASIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE MENSUAL A MEMBROS DA POLICIA LOCAL
000205/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2022-801
000206/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA NA EXECUCIÓN DE CAMPAÑA DE VALORIZACIÓN DA PESCA SOSTIBLE, OFICIOS E PRODUTOS. ACTIVIDADE 8 DO PROGRAMA EMPRENDE PESCA (GALP1-182). ANUALIDADE 2022
000207/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DESEÑO DE PROXECTO, GABINETE DE PREENSA E CREACIÓN E XESTIÓN DE REDES SOCIAIS. ACTIVIDADE 1 DO PROGRAMA EMPRENDE PESCA (GALP1-182). ANUALIDADE 2022
000208/2022	PROPOSTA APROBACION RELACION DE FACTURAS SU ELECTRICO F-2022-24
000209/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA NA EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE DE IMPULSO DO EMPRENDEMENTO, PRIORITARIAMENTE NA TRANSFORMACIÓN, NO SECTOR PESQUEIRO. ACTIVIDADE 9 DO PROGRAMA EMPRENDE PESCA (GALP-182). ANUALIDADE 2022
000210/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE COMUNICACIÓN. PROGRAMA PESCATURACCIÓN (GALP1-172). ANUALIDADE 2022
000211/2022	NOMINA ABRIL 2022
000212/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-26
000213/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000025647 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000214/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P. O. 160/2022 DE JAVIER NUÑEZ GONZALEZ CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000215/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.O. 163/2022 DE Dª ALBA Mª FERNÁNDEZ FRAGUEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS
000216/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.O. 162/2022 DE Dª CRISTINA VILELA FRAGUEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS
000217/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.O. 165/2022 DE Dª ROCIO FEIJOO CARUNCHO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS
000218/2022	CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA - CONCERTO DE GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND
000219/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-27
000220/2022	PRORROGA DO CONTRATO DE TRABALLO DE MARIA BUSTABAD MARTINEZ COMO EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO DE CEDEIRA ANO 2022
000221/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE CREACIÓN DA IMAXE DO PROXECTO E BANCO DE FOTOGRAFÍAS PARA A SÚA DIFUSIÓN- PROGRAMA CEDEIRA MAR (GALP1-204). ANUALIDADE 2022
000222/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000025689 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000223/2022	ALTA DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULTURAL MARIÑA AXEXO NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS
000224/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000225/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000226/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POR SISTEMAS PUBLICOS
000227/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA EN EDIFICIO MUNICIPAL PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS
000228/2022	MC 11 2022 XC 03 2022
000229/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	BASICAS
000230/2022	REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+2022
000231/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000232/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POLOS DIFERENTES SISTEMAS PUBLICOS
000233/2022	BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL CONCELLOS) 2022
000234/2022	APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES EDIFICABLES E DEFINICIÓN DE ALIÑACIÓNS EN PARCELA PRIVADA, PROMOVIDO POR CEDEIRA APARTAMENTOS S.L. (EXPTE 2022/X999/000100).
000235/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-28
000236/2022	MC 12 2022 XC 04 2022
000237/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA FACTURA F-2022-1111 SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU
000238/2022	CONSIGNACION XUZGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 FERROL
000239/2022	MC 13 2022 XC 05 2022
000240/2022	NOMEAMENTO DE DONA EVA MARÍA GARCÍA CANEIRO COMO ADMINISTRATIVA PARA OCUPAR DE FORMA INTERINA A PRAZA NOS SERVIZOS ECONÓMICOS DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAÑO DO CONCELLO DE CEDEIRA QUE FIGURA CO CÓDIGO 15022AD-05 POR EXCEDENCIA DO SEU TITULAR.
000241/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ESCENOGRAFÍA E DEGUSTACIÓN. SEGUNDA PARTE DA ACTIVIDADE DE FORO DE CONCLUSIÓNS E PRESENTACIÓN DA MARCA TERRITORIAL. PROGRAMA PESCATURACCIÓN (GALP1-172). ANUALIDADE 2022
000242/2022	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABAÑO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
000243/2022	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABAÑO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OPERARIO-CONDUCTOR
000244/2022	MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 34-2022 DE 24 DE XANEIRO. ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O INVESTIMENTO INCLUIDO NO POS+2022 DENOMINADO "CUBRICIÓN DE PARQUE INFANTIL NA PRAZA FLOREAL"
000245/2022	PROPOSTA APROBACION DE FACTURAS DE SU ELECTRICO RELACION F-2022-30
000246/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-31
000247/2022	INICIO EXPEDIENTE DECLARACIÓN DE INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE (EXPTE 2022/U019/000006)
000248/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-32
000249/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000025794 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000250/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000251/2022	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS A VARIOS PROCESOS DE SELECCIÓN DO ANO 2022
000252/2022	CONCESION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA ANTE SITUACIÓN DE EMERXENCIA.
000253/2022	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DE LIMPEZA DE MONTES 2022



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000254/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ABRIL DE 2022
000255/2022	CONCESION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA ANTE SITUACIÓN DE EMERXENCIA.
000256/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRA NÚM. 15-FINAL DA OBRA DE REHABILITACIÓN CASA AVELINO PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS-FASE 1
000257/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON ANDRÉS LOZANO CASAL PARA CUBRIR TEMPORALMENTE O POSTO DE TRABALLO QUE FIGURA CO CÓDIGO 15022OPCO-01 NO ACTUAL CPT DO CONCELLO DE CEDEIRA, DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA.

O Pleno da Corporación queda enterado.

11. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

12. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, a Sra. Rodríguez Pérez di: Nós seguimos co tema de Servicios Sociais.

A Sra. López Rodríguez di: En principio unha pregunta, do tema dos quilometraxes o que falamos de que se lles ía intentar subir un pouquiño o quilometraxe das auxiliares. Queríamos saber como estaba o tema ese, se realmente se pode facer ou se xa se está facendo, cómo quedou.

O Sr. Alcalde di: A lei, dentro das bases de execución do concello, tivemos unha reunión con elas e váiselles pagar, a través de un decreto de Alcaldía, o 50 % máis, van multiplicar por 1,5 a cantidade, é dicir, se se está pagando a 0,19 agora vai ser a 0,19 dividido entre dous máis 0,19, que son 0,27 e ímolo facer a partir do mes de xuño, Interventor, corríxeme se me equivoco, e vai ser con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro. Como entendemos perfectamente, máis ca nunca, o tema da subida dos combustibles, e son o departamento do Concello que máis os sofre, creo que é moi xusto pagalo dende o día 1 de xaneiro que coa guerra de Ucraia e con todo isto é cando máis repercusión tivo. Como dixeran antes, son a quen lles está indo máis ao bolsillo porque fan moitísimos quilómetros no seu coche.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nada máis, simplemente un rogo con respecto a este tema. Nestas últimas reunións que estades tendo con elas, coas traballadoras do SAF, nas Mesas de negociación, todo o que lles estades prometendo que non se quede nunha promesa preelectoral e que as cumprades porque ademais xa vai con moitísimo retraso. Entón, pois iso, que o que lles digades, que sexa de verdade, nada máis.

O Sr. Alcalde di: Para o bo e para o malo, está claro que neste caso non vai con ningún carácter electoral e ademais a un ano das eleccións, quero dicir, non é o caso. Pódese falar de temas e mil cousas, de verdade, neste caso, non. É mais un caso de xustiza. Ontes tivemos unha Mesa de negociación cos sindicatos e precisamente tampouco houbo esta pregunta por parte deles. Nosoutros intentamos reunirnos o máximo número de veces posible, tanto no anterior mandato como neste, creo que vosoutras, como compañeiras, estivéchedes comigo en moitas reunións.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Prieto Cal di: Negociouse o decreto.

O Sr. Alcalde di: Si, negociouse o decreto. Entón iso, que intentarase facer canto antes.

O Sr. Rubido Ramonde di: Celebramos a decisión sobre esta materia. No último Pleno, quixen facer un rogo, unha pregunta e tiven que saír por motivos profesionais, xa o dixen no seu día. Tiña no meu escritorio a acta do Pleno de 26 de febreiro de 2019 no que o Goberno municipal decidiu persoarse nunha querella contra Alfredo Vilela Santalla, unha querella privada. Por mais que repaso a acta pola súa parte, Sr. Alcalde, proferiu moitas frases humillantes para Alfredo. Non sei se sabe ou ten coñecemento de que esa querella, creo que vai para dous anos, foi desestimada porque a xuíz non atopou motivos de incorrer en delito algún e quedou arquivada. Estamos esperando un acto pola súa parte, non sei, de pedir desculpas publicamente a Alfredo porque as frases que vostede pronunciou son moi humillantes. Gustaríanos que tivera un xesto neste aspecto.

O Sr. Alcalde di: Eu realmente non coñezo a sentenza.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non é unha sentenza, é un auto.

O Sr. Alcalde di: Non coñezo o auto. Naquel momento defendín os intereses do Concello, baixo os informes dos técnicos do Concello. É máis, había un tema que podía ter responsabilidade penal e, en ningún momento, o anterior Grupo de goberno se persoou nese punto, e podía haberse feito, e aí si que podería ter unha investigación maior. Alégrome moitísimo de que saíra inocente, como calquera outra persoa, por suposto. Quero dicir, alégrome moito de que calquer persoa que ocupe un cargo público que se demostrara que non é culpable, non sei se hai outros asuntos. Creo que xa no anterior mandato dixerónse moitísimas cousas nos Plenos, tamén xe dixeron cara á miña persoa no seu momento faltas de respecto, pero bueno, deixámolo aí. Non teño nada máis que dicir, que me alegro moitísimo de que, como calquera outra persoa, que sexa inocente, por suposto.

O Sr. Rubido Ramonde di: Quero precisar que non foi unha sentenza, non houbo unha resolución nin nada, foi un auto porque nin sequera houbo xuízo. Non tiña sustento ningún esa querella. Que se alegra? Xa se alegraba tamén vostede naquel momento dicíndolle que esperaba que non pasara nada. Gustaríame que lle dera un repaso á acta do 26 de febreiro de 2019.

O Sr. Alcalde di: Dareille un repaso, non teño ningún problema en darlle un repaso. Creo que no anterior mandato, Luís, ti tamén sendo un pouco autocrítico deberías darlle repaso a algunhas actas. Non digo faltas de respecto, tampouco vamos dicir faltas de respecto, pero si que se dixeron moitísimas cousas que non eran verdade. Fixéronse moitas acusacións particulares que non eran verdade, pero bueno, todo queda aí, é un tema político, cada un ten unha liña de facer as cousas e dirixirse. Eu daquela si que recordo o Pleno, non recordo exactamente o que se lle dixo, probablemente as miñas palabras foron duras defendendo o tema do Concello naquel momento que o serían. Sigo dicindo o mesmo e, por suposto, que se o atopo na rúa preguntareille e, como digo, alégrome que todo quedase en nada.

O Sr. Rubido Ramonde di: Do que di vostede non atopará unha acusación falsa, nin falta de respecto, nin insulto pola nosa parte. Nesa materia á que vostede está facendo referencia, soamente atopará preguntas e preguntas, nada máis.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Intentar sinalar, como se sinalaba moitísimas veces, por parte do Grupo Popular “o señor de Foz” de forma despectiva polo feito de non haber nacido aquí, para min, é unha falta de respecto. Igual para vostede non, para min si. E como esa, houbo moitísimas outras cousas. Cando se falou de cando se intentaba confundir á xente co tema de Moreda que se era meu tío, meu pai, meu avó e, ao final, non era nin meu pai, nin meu tío, nin meu avó, senón o meu exxefe. Do cal compartía un apelido e do cal, incluso dun expediente del abstivenme, e despois pasaron catro anos máis e podía sacarme desa abstención e volver a estar nese expediente, e non o fago. A min esas cousas tamén me doían e tamén tiña familia, e teño. Tamén lle doía á miña muller, aos meus fillos, aos meus pais, a meu irmán, aos meus amigos, tamén lles doía. Tamén me fago autocrítica a min mesmo, aprendín de todo isto. Intento levar os Plenos da mellor forma posible e respectar a todo o mundo. E, como dixo María José antes, e como dixeches ti mesmo, cada un temos as nosas ideas, cada un faríamos as cousas dunha forma, pero eu teño moi claro que a política é para intentar beneficiar a vida dos veciños e das veciñas, no meu caso, de Cedeira, é o que máis me importa e así o farei. Outras actitudes ou formas ás que a inexperiencia me levaba, leváronme a isto, pero eu seguirei defendendo todo isto.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu creo plenamente que unha cousa son os debates, discusións ou insultos, que de feito temos habido e faltas de respecto, que para uns poden non selo e para outros si, temos habido nos Plenos, por suposto. É unha pena, pero ás veces reaccionamos como reaccionamos e non hai máis, pero creo que debemos ter sempre claro que cando debatemos politicamente sobre a xestión do concello non estamos atacando a ningunha persoa a nivel persoal, ou eu polo menos non o fago, estamos debatendo ideas e cada un ten as súas ideas e a súa política e a súa forma de facer, pero non a nivel persoal. Entón, creo que sempre temos que ter isto sempre claro, eu non me sinto enemiga persoal de ninguén e creo que o resto tampouco, é dicir, somos adversarios políticos todos e todas, pero a nivel persoal xa é outra historia. É unha pena que ás veces nos faldemos ó respecto? Si, teño que pedir desculpas porque se loqueo pois loqueo, igual que o resto, pero bueno, son cousas nun momento en quente.

O Sr. Alcalde di: Comparto todo o que dis. Son o primeiro que cando me encendo tamén, ás veces, vou a dar onde doe. A min me cambiou moito a forma de pensar e de ver a vida de todo o que nos está pasando e sigo dicindo que hai que respectar a opinión dos demais, debater e discutir. E creo que nos últimos tempos está habendo debate e discrepancias, pero sobre todo, está habendo moitísimo respecto. Cada un defende o seu. Está claro que temos moitas cousas que se poden mellorar no pobo e a oposición ten que fiscalizar o noso traballo. E moitas veces temos que ser autocríticos, que iso tamén o levo mellor, aceptar as críticas, non sei se será a experiencia ou que me fago máis vello.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Creo que aprendemos pouco a pouco e é normal que aprendamos e ao final os Plenos téñennos que servir un pouco para iso, para aprender a debater con “sentidiño”.

O Sr. Alcalde di: Como cando chegamos a acordos e se fan, tamén da gusto. Ó final, aínda que vaíamos por camiños diferentes, todos temos un obxectivo en común, máis ou menos semellante.

O Sr. Rubido Ramonde di: Soamente dicir que sempre ten que haber un nivel de tolerancia, certamente, uns teñen un umbral máis alto de aguantar e outros máis baixo, pero neste caso, gustaríame que o repasárades porque creo que se pasaron todos os límites.

O Sr. Alcalde di: Este caso era a colación porque era un expediente que afectaba ao Concello. Había dous temas: a nivel penal, que non se fixo, e o outro era a responsabilidade a nivel económico por



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

algo que nos ven do Xulgado a nós. Nós persoamos porque era obrigatorio polos informes que tiñamos dos técnicos municipais, non porque nosoutros quixéramos. Nós non fomos ó Xulgado a denunciar a ninguén o que pasa que nos viu e cando se fan os informes dise que pode haber a posibilidade de que unha persoa que estaba cobrando salario do Concello tivera unha actividade económica. Que é o que falamos, que igual despois co debate houbo palabras que foron inapropiadas, pode ser, non digo que non. E se nalgún momento, o Sr. Santos sentiu que se lle faltou ó respecto, non teño ningún problema en pedirlle desculpas, para nada, as propias do debate. Eu creo que como Alcalde daquela e coas compañeiras que están na oposición agora mesmo, que eran compañeiras do Grupo de goberno, a idea non era ir a por unha persoa en particular. Era algo que nos viña do Xulgado e había, xa che digo, dous procedementos e os avogados dixéronnolo claramente, se ides polo penal vai haber moitísima investigación e a ver o que pasa. E dixemos que non, polo penal non imos ir, a responsabilidade civil, a económica que poida ter, no caso de que se demostre que sexa verdade e xa está. Foi o que se dixu daquela, que oxalá non fose. El tamén ten familia, tamén o pasaría mal, por suposto que nos poñemos na súa situación.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu non recordo exactamente as palabras que houbera naquel Pleno, recordo que despois estivemos falando con Alfredo para desexarlle que todo fora ben e que tivera sorte.

O Sr. Alcalde di: Eu particularmente sempre tiven boa relación con el e seguín falando con el despois de aquel día. É o que falamos, no tema dun debate hai disputas e podemos dicir cousas pouco congruentes, tamén é verdade. Póñome na súa situación e que me digan iso... Hai unha cousa fundamental, o tema de que o Concello se persoe é porque veunos unha carta do Xulgado e que en ningún momento o Grupo de goberno quere ir a por ninguén. Esa posibilidade de ir polo penal, Luís, ti que es una persoa que controlas moito máis de dereito ca min, podíamos ir por esta vía como nos dixeron os avogados e nós non quixemos porque críamos que era suficiente con que se Alfredo cometera algo que estaba fora da legalidade e que puidera afectar ao Concello de Cedeira, que devolvera a cantidade que cobrara, nada máis, polo tema penal, non. E xa che digo agora que saíu todo ben, o próximo día que o vexa direillo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nada máis, solo recordar e insistir en que houbo frases totalmente innecesarias.

O Sr. Alcalde di: Unha aperta a Pintos estendida por parte de toda a Corporación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:02 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ